


Poden consultar o regulamento completo de participación na páxina web www.oleiros.org ou ben solicitalo nas oficinas de Servizos Sociais.

Resumo do regulamento:

- Só poden participar as persoas **maiores de 65 anos** empadroadas en Oleiros.
- Todas as persoas deberán ser **autónomas** e contar con **preparación física axeitada para desenvolver 14 quilómetros nas rutas de sendeirismo**.
- As actividades de excursionismo e sendeirismo de un día terán un prezo público de 10 euros e as de fin de semana de 60 euros.
- As persoas deben **aboar a excursión de un día na semana posterior** á súa realización. Os recibos para o pagamento entregaráselle durante a ruta no autobús. As rutas de fin de semana deberán abonarse antes do 8 de setembro. As persoas que **non realicen o pagamento no prazo establecido serán dadas de baixa** en todas as rutas nas que estean inscritas.
- As persoas deberán **comunicar a renuncia á praza** cunha semana de antelación á data da saída. De non facelo así, se lles dará de baixa automaticamente en

todas as excursións e rutas de sendeirismo nas que estea inscrita.

- Deben **inscribirse nos prazos establecidos**. Non se terá en conta a orde de inscrición xa que **se realizará un sorteo** entre todas as solicitudes recibidas.
- As persoas que realicen as solicitudes deben comprobar se obteñen praza nas datas de publicación.
- As persoas con praza na actividade de **sendeirismo** deben **participar obrigatoriamente na xornada de formación** que terá lugar o 24 de abril as 11:00 da mañá nas instalacións de A Fábrica en Perillo.
- So poderán participar na ruta de sendeirismo de fin de semana as persoas que participaran en dúas rutas de sendeirismo.
- O Concello sempre poderá anular ou modificar rutas cando o estime oportuno. Ben sexa por factores climatolóxicos, sanitarios, de participación ou por outros aspectos da organización.
- O Concello sempre poderá anular prazas en función das características da persoa solicitante e o seu comportamento.



Ven e Descubre! 2024



Pasado e presente con nome de

MULLER



Concello de Oleiros
Concellería de Servizos Sociais e Igualdade

Rutas en
FEMININO 2

EXCURSIONISMO ▼

■ Roteiro das Mulleres de LUGO

Recoñecer un Lugo en feminino, da man de mulleres escritoras, pintoras, espías, farmacéuticas, bruxas, políticas, loitadoras pola Igualdade que debemos reivindicar e facer visibles. Julia Minguillón, Araceli González, Manuela Barreiro, Lucía Fidalgo, Enriqueta Otero, Marica Campo...

■ ARTESANÍA da man das mulleres.

A Costa da Morte.

A importancia crucial da muller palilleira na vida da ría de Camariñas, descubriendo as paisaxes da Costa da Morte e o castelo de Vimianzo.

■ O Morrazo mariñeira.

A historia da MAR en feminino.

Mulleres que foron o motor da industria do mar e polo tanto, motor da economía. Vila de Cangas, museo Massó e outros lugares do Morrazo que nos levarán a coñecer a historia da industria conserveira de Galiza.



| ● EXCURSIONISMO | ROTEIRO DAS MULLERES de LUGO | | ARTESANÍA da MAN das MULLERES | O MORRAZO MARIÑEIRA | |
|--------------------------------|------------------------------|------------|-------------------------------|---------------------|------------|
| 1 PERILLO | 02/05/2024 | 30/05/2024 | 04/07/2024 | 19/09/2024 | 10/10/2024 |
| 2 NÓS | 27/06/2024 | | 11/07/2024 | 05/09/2024 | |
| 3 MAIANCA-SERANTES-DEXO-BREIXO | 23/05/2024 | | 25/04/2024 | 20/06/2024 | |
| 4 SANTA CRUZ-MONTROVE-DORNEDA | 30/04/2024 | 16/05/2024 | 06/06/2024 | 12/09/2024 | 17/10/2024 |
| 5 OLEIROS-IÑÁS | 09/05/2024 | | 13/06/2024 | 26/09/2024 | |

SENDEIRISMO ▼

■ Mulleres salgadas. Arousa en feminino

Ruta pola Illa de Arousa e Cambados onde coñeceremos mellor o oficio das mariscadoras e mariñeiras, desempeñados maioritariamente por mulleres que seguen a reivindicar os seus dereitos no sector do mar.

■ Mulleres viaxeiras. Vía Kuning

A peregrinaxe foi a única viaxe permitida ás mulleres durante séculos, nesta ruta entre Pedrafita e Lugo falaremos do mundo da muller viaxeira no pasado e no presente. Falaremos de Exeria, Margery Kempe e as peregrinas que fan agora o camiño.

■ Bruxas, meigas e santeiras.

O Monte Neme

Durante séculos as mulleres son perseguidas e acusadas de meigas ou bruxas cando chegan a ter un coñecemento e comportamento considerado perigoso para o patriarcado. No monte Neme, o "Nemeth" celta, atopamos pegadas de lugares cargados de referencias a meigas que se reunían no San Xoán e onde tamén se atopaba o noso particular Stonehenge.

| ● SENDEIRISMO | Bruxas, meigas e santeiras, o Monte Neme | Mulleres viaxeiras. Vía Kuning | Mulleres salgadas. Arousa en feminino |
|--|--|--------------------------------|---------------------------------------|
| 1 PERILLO-MONTROVE-OLEIROS | 21/05/2024 | 18/06/2024 | 10/09/2024 |
| 2 SANTA CRUZ-DORNEDA-SERANTES-MAIANCA-DEXO | 14/05/2024 | 11/06/2024 | 24/09/2024 |
| 3 NÓS-IÑÁS | 07/05/2024 | 04/06/2024 | 17/09/2024 |

SENDEIRISMO DE FIN DE SEMANA ►

■ **Mulleres da Raia.** A historia das mulleres da raia está chea de sororidade e solidariedade. Mulleres que tiveron que participar en diversas actividades para sobrevivir nun mundo de fronteiras que camiñaremos e descubriremos desde Galicia e Portugal.

Mulleres da RAIÁ

TODAS AS LOCALIDADES DE OLEIROS

28 e 29 de SETEMBRO

5 e 6 de OUTUBRO

INSCRIPCIÓNS: Para participar debe realizar a **preinscrición preferentemente na Sede electrónica:** <https://sede.oleiros.org/> No caso de que algunha persoa non lle sexa posible realizala así, poderá facelo de maneira telefónica chamando ao teléfono 981 610 000 en horario de tarde de 16:00 a 20:00 horas nos períodos distribuídos por localidade. **Todas as solicitudes recibidas que cumpran os requisitos, entrarán nun sorteo aleatorio para a adxudicación de praza.**

INSCRIPCIÓN TELEMÁTICA: na Sede electrónica da web www.oleiros.org

INSCRIPCIÓN TELEFÓNICA: 981 610 000 de 16.00 a 20.00 h

DATAS DE INSCRIPCIÓN EN EXCURSIONISMO 18 marzo a 1 de abril

INSCRIPCIÓN TELEMÁTICA

Desde 18 de marzo ata 1 abril

INSCRIPCIÓN TELEFÓNICA

- 1. Perillo: 22 - 25 marzo
- 2. Nós- Dorneda: 26 - 27 marzo
- 3. Maianca - Serantes - Dexo: 18 - 19 marzo
- 4. Santa Cruz - Montrove:- 20 - 21 marzo
- 5. Oleiros - Iñás: 1 abril

- 4 de abril Publicación de listados provisionais de persoas preinscritas.
- 5 e 8 de abril Emenda de erros.
- O día do sorteo será o 10 de abril ás 12.00 horas. As listaxes de admitidos/as estarán expostas o día 12 de abril.

DATAS DE INSCRIPCIÓN EN SENDEIRISMO 8 a 12 de abril

INSCRIPCIÓN TELEMÁTICA

8-9-10-11-12 abril

INSCRIPCIÓN TELEFÓNICA

9-10-11 abril

- 16 de abril: Publicación de listados provisionais de persoas preinscritas.
- 17 e 18 de abril: Emenda de erros.
- O día do sorteo será o 19 de abril ás 12.00 horas. As listaxes de admitidos/as estarán expostas o día 22 de abril.
- As persoas admitidas deberán acudir a reunión de formación e confirmación de praza o 24 de abril as 11:00 na Fábrica en Perillo.

DATAS DE INSCRIPCIÓN SENDEIRISMO FIN DE SEMANA: (so persoas que participaran en dúas rutas)

INSCRIPCIÓN TELEMÁTICA

1-2-3-4 xullo

INSCRIPCIÓN TELEFÓNICA

3-4 xullo

- 8 xullo: publicación de listados provisionais de persoas preinscritas.
- 9 e 10 de abril: Emenda de erros.
- O día do sorteo será o 11 de xullo ás 12.00 horas. As listaxes de admitidos/as estarán expostas o día 12 de xullo.
- O 16 de xullo publicaranse as datas de pagamento e a data da reunión de grupo na que e obrigatoria a presenza das persoas admitidas.